



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **ANUNCIO**

Por Resolución desta Alcaldía núm. 676/2021 de 15 de xuño, aprobouse a convocatoria e bases para a elaboración dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal a xornada completa de socorristas en base á subvención solicitada para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, financiado pola Xunta de Galicia dentro do programa TR351A2021, e que se transcriben a continuación,

### **BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS EN BASE Á SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE, FINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA DENTRO DO PROGRAMA TR351A2021**

#### **1 Obxecto da convocatoria**

Ten por obxecto esta convocatoria, o proceso de elaboración dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal a tempo completo mediante contrato de duración determinada de interese social a xornada completa de socorristas acuáticos mediante calquera das modalidades de contratación previstas no Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei. As datas de inicio e de finalización dos contratos, así como o número de contratacións a realizar, serán os establecidos na Resolución da contratación.

#### **2 Características do posto**

Área de subscrición: Seguridade

Denominación do posto: socorrista acuático

Duración: 2 meses

Grupo: IV

Grupo de cotización: 6

Soldo: 1.268,92€

Modalidade contractual: Contrato de obra ou servizo de interese social a tempo completo

Titulación: Certificado de profesionalidade de socorrista acuático segundo o previsto no punto 4.g) das bases.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Funci3ns: As funci3ns a desenvolver consisten nas tarefas propias dos socorristas acuáticos en espazos naturais. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos 3rganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacci3n das necesidades propias do servizo.

### **3 Sistema de selecci3n**

O sistema de selecci3n ser3 de concurso-oposici3n, que se valorar3 de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

### **4 Requisitos das persoas aspirantes**

a) Ter nacionalidade espa3ola ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego p3blico de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego p3blico.

b) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administraci3n p3blica ou dos 3rganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Aut3nomas (CCAA), nin estar na situaci3n de inhabilitaci3n absoluta ou especial para o desempe3o de empregos ou cargos p3blicos por resoluci3n xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administraci3n p3blica ou dos 3rganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situaci3n de inhabilitaci3n absoluta ou especial para o desempe3o de empregos ou cargos p3blicos por resoluci3n xudicial, cando se tratara de acceder 3 mesma categor3a profesional 3 que se pertenc3a.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situaci3n equivalente, nin ter sido sometida a sanc3n disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego p3blico nos termos anteriores.

c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade m3xima de xubilaci3n forzosa.

d) Estar en posesi3n das capacidades e aptitudes f3sicas e ps3quicas que sexan necesarias para o desempe3o das correspondentes funci3ns ou tarefas.

e) Estar en posesi3n do CELGA 3, ou equivalente, ou estar en condici3ns de obtelo antes do remate do prazo de presentaci3n de instancias.

A acreditaci3n da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicaci3n; con arranxo ao sistema de certificaci3n de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou 3s s3as certificaci3ns equivalentes, debidamente homologadas polo 3rgano competente en materia de pol3tica ling3ística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 3, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditada documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto no punto 8 destas bases, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

f) Estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento de presentar a oferta de emprego e manter esta circunstancia ata o inicio da relación laboral co Concello de Muros.

g) Estar en posesión certificado de profesionalidade de socorrista en espazos acuáticos naturais ou equivalente, ou estar inscrita no rexistro profesional de socorristas de Galicia segundo o Decreto 104/2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou ter solicitada a súa inscrición e cumprir os requisitos do art. 6 ou da disposición transitoria única do citado decreto ou ter o certificado de profesionalidade de socorrista.

## **5 Selección das persoas aspirantes**

De acordo co artigo 14.3 das bases que regulan a subvención que financian estas contratacións, o Concello de Muros solicitará o persoal que precise mediante a presentación da oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, que se realizará segundo os principios establecidos neste artigo.

## **6 Relación de persoas admitidas**

Recibida a relación de persoas do Servizo Público de Emprego, de acordo co previsto no apartado anterior, publicarase a relación de candidatos/as na páxina web e na sede electrónica, do Concello de Muros (sede.muros.gal), sinalando a data de realización do primeiro exame e a composición do tribunal.

Os/as aspirantes, antes da realización do primeiro exercicio do proceso selectivo deberán presentar unha declaración de que cumpren os requisitos establecidos no punto 4 das bases, de acordo co anexo I que estará a disposición dos aspirantes no rexistro do Concello de Muros. Xunto con esta declaración deberán presentar a seguinte documentación:

a) Copia do DNI

a) Se é o caso, certificado de galego segundo o previsto no punto 4 e).

b) Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 4 (Anexo II).



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

- c) Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que sexan requiridos (Anexo II).
- e) Autorización ao Concello de Muros do uso dos datos e da documentación presentada para os fins precisos en relación a este procedemento, así como a cesión da mesma aos organismos públicos que correspondan a efectos de xustificar a subvención que financia esta contratación (Anexo II).
- f) Certificado da formación esixida no punto 4.g destas bases.

As persoas aspirantes serán convocadas para a realización do primeiro exercicio telefonicamente.

As persoas con necesidades especiais deberán facelo constar nas súas instancias, sinalando se precisan adaptación das probas. A condición de persoa con discapacidade acreditarase coa certificación correspondente expedida polo órgano competente. As persoas que antes da realización do primeiro exercicio non presenten no rexistro do Concello o Anexo I coa documentación establecida, serán excluídos do proceso.

## **7 Tribunal cualificador**

O Tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha Presidencia, unha Secretaría e tres Vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a.

De todas as reunións que celebre o tribunal, a secretaría do tribunal redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorran estas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (conseguindo, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte das asesorías que, ao efecto, poidan ter sido requiridas).



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesorías; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridas.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva).

En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

Os membros do tribunal deberán tomar as medidas necesarias para evitar o contaxio do COVID-19, para o cal, o Concello deberá provelos dos EPIS necesarios, que serán de utilización obrigatoria. Así mesmo, deberán de manter unha distancia mínima de seguridade de 2 metros entre eles. Estas medidas tamén se deberán aplicar ás persoas aspirantes durante a realización do proceso selectivo.

## **8 Procedemento selectivo**

Os anuncios do tribunal efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluída, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar reclamacións que consideren oportunas.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio, agás o que, de ser o caso, se deba realizar para a acreditación do coñecemento do galego (no que os/as aspirantes serán cualificados como apto/a ou non apto/a).

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. O tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://muros.sedelectronica.gal>). O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

persoas aspirantes acadar ata un máximo de 12,5 puntos, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

**A. Fase de oposición, ata un máximo de 10 puntos**

**a) Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos**

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co programa relacionado no anexo I destas bases nun tempo máximo de 15 minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 1 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,20 puntos. As preguntas non contestadas non restan puntos.

**b) Segundo exercicio, apto/non apto**

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 3 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinaraa o tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 3.

Esta proba será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apta, dado que non cumprirían o requisito esixido no punto 4 e) destas bases.

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, que se fará mediante anuncio no taboleiro de Muros, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, dispoñendo dun prazo de dous días hábiles dende a súa publicación para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Para a realización destas probas, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación ao COVID-19, debendo a persoa aspirante presentarse co seu propio bolígrafo e máscara, e debendo haber unha distancia mínima en todo momento entre as persoas aspirantes de 2 metros.

**B. Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 2,5 puntos**

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

**a) Por servizos prestados en prazos iguais ou de semellante función, máximo de 2,5 puntos**



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

A experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características puntuarase con 0,20 puntos por mes de servizo ata un máximo de 2,5 puntos.

**Forma de acreditación dos servizos:** Fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. No caso de que a relación fose funcional, deberán acreditarse os servizos mediante o nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase obrigatoriamente a copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada. Non se valorarán as actividades por conta propia nas que non se achegue esta documentación. Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, a documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

## **9 Resolución e creación da bolsa de traballo**

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas en cada fase do proceso selectivo. No caso de empate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a maior idade do/a aspirante.

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://muros.sedelectronica.gal>). Os/as aspirantes terán un prazo de dous días para presentar reclamacións a esta proposta do tribunal.

Cando se necesite contratar persoal en base a esta bolsa de traballo, a Alcaldía creará a bolsa de traballo por orde de contratación e procederá á contratación do persoal preciso.

A contratación do persoal, unha vez aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase telefonicamente ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral, deixando constancia do resultado do



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

chamamento a persoa que o realiza. Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao último posto da lista. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista.

As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de pre relación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o nomeamento para as persoas que son chamadas finaliza, volverán ao posto que tiñan na lista.

Unha vez aceptada por parte das persoas candidatas seleccionadas o posto de traballo, as novas substitucións deberán fundamentarse nos supostos de renuncia, licenzas ou baixas por IT, o que condicionará a modalidade de contratación.

Se rematado o proceso selectivo non se cobren todas as vacantes, realizarase unha nova solicitude de aspirantes, para a que se aplicarán estas mesmas bases.

## **10 Incidencias**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e para tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

## **11 Normativa aplicable**

O proceso selectivo rexerase polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

## **12 Datos de carácter persoal**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos basease no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

### **13 Recursos**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

### **ANEXO I. TEMARIO**

Tema 1. O Concello de Muros. Xeografía. Organización territorial e toponimia.

Tema 2. Previr accidentes ou situacións de emerxencias nas praias.

Tema 3. Rescate de persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia en espazos acuáticos naturais.

Tema 4. Primeiros auxilios.

Muros, 15 de xuño de 2021.

A Alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero